

**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACION DA OBRA " REORDENACION INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIONES E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI". ANALISE DE PROPOSTAS ECONOMICAS.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e cinco minutos do día 8 de outubro de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria acctal. do concello Dª María Jesús Blanco Martínez, o arquitecto municipal D. Javier Antoñón Clemente e concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez. Asiste como secretaria da mesa a funcionaria Dª Eulogia Paramos Estévez,, dado que a designada está presente como secretaria acctal, por ausencia da titular.

Acto seguido se procede á revisión das propostas económicas presentadas polos licitadores, realizada en apertura pública o pasado venres, día 3 outubro.

**Empresas e propostas económicas presentadas:**

| EMPRESA                                                       | Proposición Económica, IVE incluído |
|---------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| 1.- Aberman Empresa Constructora, S.L.                        | 154.799,41                          |
| 2.- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L. | 139.207,88                          |
| 3.- Elecnor Infraestructuras                                  | 154.515,03                          |
| 4.- Construcciones Fечи, S.L.                                 | 174.875,52                          |
| 5.- Construcciones Abal, S.A.                                 | 191.999,57                          |
| 6.- Desmaco, S.L.                                             | 161.675,87                          |
| 7.- Plaintec Obras y Servicios, S.L.                          | 147.822,73                          |
| 8.- Construcciones Seovi, S.L.                                | 169.370,96                          |
| 9.- Civis Global, S.L.                                        | 162.806,77                          |
| 10.-Servicon Saneamento e Obras, S.L.                         | 181.791,49                          |
| 11.-SYR-AMG, S.L.                                             | 156.004,67                          |
| 12.- Emergis Construcción, S.L.                               | 164.995,54                          |
| 13.- Sergonsa Servicios, S.L.                                 | 149.124,03                          |
| 14.- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.               | 153.633,57                          |
| 15.- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.               | 156.992,76                          |
| 16.- Narom, S.L.                                              | 183.451,33                          |
| 17.- Construcciones Vale, S.L.                                | 179.993,24                          |
| 18.- Decoraciones J. Bello, S.L.                              | 163.750,66                          |
| 19.- Arias Hermanos Construcciones, S.A.                      | 155.393,35                          |
| 20.- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L.           | 135.632,26                          |
| 21.- Construcciones Orega, S.L.                               | 141.935,69                          |
| 22.- Construcciones Obras y Servicios, S.L.                   | 158.553,74                          |
| 23.- CYS Hispania, S.L.                                       | 156.348,26                          |
| 24.- Hordescon, S.L.                                          | 167.267,93                          |

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 18º, establece:

*"De conformidade co art. 152.1, cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas poderá apreciarse de acordo cos parámetros obxectivos que se establezan regulamentariamente, por referencia ao conxunto de ofertas válidas que se presenten.*

*Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propondrá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.*

*De conformidade co Regulamento de Contratos, art. 85.6, considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:*

- *Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria cando sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuales.*

- Número de ofertas: 2. A que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Número de ofertas: 3. As que sexan inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se excluírá para el cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, se procederá ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media se calculará sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."

En base ao indicado anteriormente, os membros da mesa de contratación expresan a existencia de ofertas anormais ou desproporcionadas das empresas:

- .- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L., por importe total, IVE incluído, de 135.632,26€.
- .- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L., por importe total, IVE incluído, de 139.207,88 €.
- .- Construcciones Orega, S.L., por importe total, IVE incluído, de 141.935,69 €.

A cláusula referida anteriormente se deberá completar co recollido no artigo 152.3 do TRLCSP, que indica: "(...)3.- Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado. En el procedimiento deberá solicitarse el asesoramiento técnico del servicio correspondiente".

Á vista do anterior e co obxecto de determinar se as ofertas presentadas das empresas citadas anteriormente poden ser desproporcionadas ou anormais, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto nos artigos máis arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Solicitar ás seguintes empresas, xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada:

- .- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L., con enderezo en Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, Vial Principal, Nave 4B, 32792 Ourense.
- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L., con enderezo en Avda. Redondela, nº 94- baixo, Chapela, 36320 Redondela.
- .- Construcciones Orega, S.L., con enderezo en Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, Vial Principal, Nave 4B-1º, 32792 Ourense.

Segundo.- Outorgar un prazo de tres días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada, dado que se trata dun contrato tramitado por procedemento aberto e urgente.



Rematado o acto se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.  
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Eulogia Paramos Estévez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA ACCTAL. DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: M<sup>º</sup> Jesús Blanco Martínez.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo. Javier Antoñon Clemente.



